

**Manuel Escourido, socio e director de ESCOURIDO&Asociados**

**“Formación, novas tecnoloxías, adopción de estratexias de marketing, diversificación e mercados exteriores son as claves para as empresas desta comarca”**

Escourido&asociados é unha asesoría que leva aberta dous meses en Vilalba, aínda que os seus traballadores contan con recoñecida experiencia. Manuel Escourido, o socio e director, cóntanos as claves do seu traballo.

**Cómo se pode definir ESCOURIDO&Asociados?**

Somos unha empresa que presta servizos de asesoría e consultoría dirixidos á empresa, ó profesional e, tamén, ó particular que precisa dun asesoramento especializado. A nosa filosofía é a de ofrecer solucións e orientación a probelmas e necesidades que teña o noso cliente, polo que, en realidade o que ofrecemos é confianza, responsabilidade, seguridade, confidencialidade e orientación.

**Cales son os servizos que presta? E a que sectores?**

Prestamos servizos en case tódalas áreas da actividade económica: contable, fiscal, laboral, mercantil, xestións administrativas, seguros, subvencións... completando isto con un servizo de consultoría no ámbito estratéxico, de negocio, viabilidade, comunicación e marketing... Tratamos de ofrecer todo o que a empresa e o profesional necesita, para que só se teña que ocupar e preocupar do que sabe e lle gusta facer: o seu negocio, a súa empresa, a súa explotación... Ademais, o particular terá en nós un firme apoio para resolver calquera xestión que teña que facer ante a Administración.

**Cando e como xurdiu a empresa?**

A idea de vir a Vilalba non é recente, xa que a levo avaliando varios anos. Independentemente de que sexan tempos difíciles para o conxunto da economía, creo firmemente que o traballo ben feito sempre ten como recompensa máis traballo, e con esa ilusión abrimos as porta da asesoría cada día. Isto, unido á circunstancia de poder contar con un equipo de alto nivel orixinario desta terra, foi o que motivou a decisión de crear empresa en Vilalba.

**Que balance fai dos seus inicios?**

Logo de anos de estudo e de varias experiencias por conta allea, a miña inquietude levoume a emprender o meu propio negocio: unha xestoría sita en As Pontes. Como tódolos negocios, os principios foron moi

duros e só a paciencia, o traballo duro e a ilusión fixeron posible sacalo adiante. Hoxe, e para a nova empresa que abrimos en Vilalba, a receita segue sendo a mesma, porque aínda que non houbera crise, é necesario reinventarse, actualizarse e esforzarse tódolos días para ofrecer un servizo ó nivel que demandan os nosos clientes.

**E como describe o seu percorrido dende entón?**

A verdade é que consolidar un negocio como o de xestoría e asesoría non é nada doado, xa que a confianza é algo que se gana co traballo ben feito durante moito tempo... Por iso, e aínda que o arranque da empresa superou as miñas previsións máis optimistas, son consciente do longo e do duro do camiño que hai que percorrer... Pero, pasiño a pasiño é como se fai camiño.

**Que é o que marca a diferenza da súa empresa coa competencia?**

O equipo profesional é o que vai a diferenciar a ESCOURIDO&Asociados. Un grupo humano de alta cualificación e rendemento e que conte con varios anos de experiencia non é doado de xuntar; sen embargo, para Vilalba démollo acadado. O fundamental sempre son as persoas... na empresa, nos negocios... na vida... e sobre as persoas é sobre que estamos a construír esta empresa. Este equipo é o que posibilita que non sexamos só unha asesoría, senón que poidamos axudar á empresa en case tódalas áreas: marketing, estratexia, formación, finanzas, operacións, novas tecnoloxías... En todas elas contamos con experiencia de varios anos, incluso a nivel internacional.

**Nesta época de crise, o seu traballo vese afectado? Ou, pola contra, proliferan clientes que precisan de asesoramento?**

Evidentemente, a crise actual afecta a toda actividade económica. Sen embargo, o importante non é a crise, senón cómo actuamos para combatela. De feito, tódolos progresos da humanidade proceden de épocas de crise, nas que foi necesario reinventarse e facer as cousas de maneira diferente. Esa forma de entender a situación actual é a que nos fai atractivos para os novos emprendedores da zona, os cales se están achegando ata nós para que os axudemos a

orientar o seu negocio ou a súa idea para incrementar as posibilidades de éxito.

**Cales cre que serán as expectativas de traballo para a súa asesoría nos vindeiros meses? E para a rede empresarial da comarca?**

As expectativas que temos son moi positivas, xa que cremos no tecido empresarial desta comarca e no seu potencial de futuro, tanto como para montar unha empresa como a nosa. A importante economía agro-gandeira que ten esta zona é unha oportunidade de futuro para xerar emprego e riqueza se se adapta ós retos que este século XXI trae para as industrias relacionadas. Ó mesmo tempo, Vilalba é un gran centro comercial para os concellos limítrofes, potenciando de forma adecuada esta calidade, este concello esta chamado a ser un dos protagonistas económicos do norte de Galicia.

**Por onde cre que pasan as claves do éxito das empresas do futuro?**

Mirar cara ó século XXI sen complexos, cazar tódalas innovacións e tendencias que se dan aí fóra e asumir os retos de competitividade, modernización e globalización que se veñen enriba de nós. Formación, novas tecnoloxías, adopción de estratexias de marketing, diversificación e mercados exteriores son as claves para as empresas desta comarca. A xestión das persoas e das relacións (xestión do talento) é fundamental, o que fai a unha empresa diferente doutra. Un equipo humano formado e ben asesorado é a ferramenta máis importante dunha empresa.

**Considera o márketing unha ferramenta fundamental para o asentamento e bo funcionamento das empresas?**

Tan fundamental que non creo que sexa unha ferramenta, senón unha filosofía de entender a xestión de empresas. Iso si, non confundamos marketing con publicidade ou propaganda. O marketing é unha área de xestión empresarial que vai

moito máis alá. Por exemplo, o grupo Inditex non fai publicidade pero ten unha estratexia de marketing que sitúa as súas marcas (Zara, Bershka, Pull&Bear, Massimo Dutti...)

como líderes mundiais. O marketing, a pesar de levar varias décadas aplicándose, é un grande descoñecido nesta parte de España para as Pemes. Moito camiño por andar... pero para iso estamos, para botar unha man.

**Que recomendacións faría ós mozos que pretendan formar unha empresa neste tempo de crise económica?**

Primeiro, que se esquezan de se hai crise ou non hai crise. Cando unha idea ou unha oportunidade é boa, vaino ser con ou sen crise. Polo tanto, a continuación é importante avaliar a idea e a forma de convertela en empresa. Para iso, pode contar coa colaboración do noso equipo de profesionais. Como seguinte recomendación, que teña claro que como dicía V. Sasson, “o único sitio onde o éxito ven antes que o traballo é no dicionario”; é dicir, traballo, paciencia, tenacidade e, sobre todo, ilusión. Só así poderemos recoller.

**Na actualidade, o que se da por chamar era da comunicación, as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías xogan un papel importante para dar a coñecer o traballo das empresas e relacionarse cos clientes. Durante toda a**



Manuel Escourido, socio e director de Escourido&Asociados

**entrevista, deulles moita importancia. Como valora o seu uso?**

Non entendo este século sen novas tecnoloxías, sen mail, sen webs, sen redes sociais... Non son importantes só para comunicar, senón tamén para facilitar o traballo: relacións cos clientes, cos provedores, coas administracións, teletraballo, traballo sen papel, información sempre dispoñible sen fronteiras e sen limitacións temporais... Seguro que é un reto para moitas empresas, pero será un gran paso cara un futuro cheo de oportunidades. Nós estamos presentes na rede [www.escouridoyasociados.es](http://www.escouridoyasociados.es) e no mail [info@escouridoyasociados.es](mailto:info@escouridoyasociados.es). Trátase dunha web na que, ademais dos servizos que prestamos, temos sala de prensa, blog, e novas twiteadas. Por outra banda, a nivel persoal (pero profesional), temos presenza en facebook, twitter, linkedin, skype...

**Moitas grazas polo seu tempo.**

Moitas grazas a vós por ternos en conta. Nunca é doado comezar unha aventura empresarial, e neste caso aínda me fai falla coñecer ós meus novos veciños e que eles nos coñezan a nós. Esta é un primeiro e moi grato achegamento, polo que vos estou máis que agradecido.



Oliva e Marta completan o equipo de traballo da asesoría Escourido&Asociados